

~  
C



**XORNADAS  
GASTRONÓMICAS  
DO BACALLAU**

01 / 11 ▶ 18 / 11

2018



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



CORUÑA  
PRÓXIMA



Con motivo do centenario da morte de Manuel María Puga y Parga, coñecido como “Picadillo”, escritor, alcalde da Coruña e recoñecido gastrónomo, o Consorcio de Turismo e Congresos (en diante, o Consorcio) convoca as “**Xornadas Gastronómicas do Bacallau**” da cidade da Coruña no ano 2018, como homenaxe á súa obra “*36 maneras de guisar el bacalao*”, de acordo coas seguintes:



## **BASES**

### **1. PARTICIPANTES**

Poderán participar todos os establecementos de hostalaría da cidade da Coruña, legalmente establecidos, que pola súa traxectoria profesional e proposta gastronómica encaixan na temática das xornadas, previa inscrición no prazo e forma indicados nestas bases.

### **2. DATAS**

As Xornadas Gastronómicas do Bacallau celebraranse do **1 ao 18 de novembro** de 2018 (ambos os incluídos).

### **3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN**

Todos os establecementos solicitantes deberán participar baixo o modelo de **Menú Xornadas Gastronómicas do Bacallau**.

“ Establécense 2 posibles opcións: **Menú** e/ou **½ Menú**.

“ Todos os **Menús** deberán estar compostos, como mínimo, por: 1 primeiro + 1 Prato principal cuxo ingrediente principal sexa o bacallau + 1 Sobremesa + 1 Bebida (auga/refrescos/adega de D.O. galega).

“ Todos os **½ Menús** deberán estar compostos, como mínimo, por: 1 Prato cuxo ingrediente principal sexa o bacallau + 1 Bebida (auga/refrescos/adega de D.O. galega). Opcional incluír sobremesa e/ou café a elección do establecemento.



“ Os establecementos poderán **participar con unha ou ambas as opcións.**

“ Aceptaranse propostas tanto **tradicionais como de vangarda.**

“ O prezo do Menú deberá estar comprendido entre os **10€ e os 30€**, mentres que o prezo do ½ Menú estará comprendido entre **os 7€ e os 15€.**

“ Os Menús deberán estar dispoñibles **todos os días** que duren as Xornadas, durante as comidas e/ou ceas.

• **No se aceptarán cambios nos pratos e prezos presentados** nas solicitudes de participación.

• O Consorcio resérvase o dereito de rexeitar ou solicitar novas propostas aos establecementos inscritos se considera que estas non se axustan aos criterios e temática das xornadas..

“ Os establecementos participantes comprométense a **respectar as condicións e datas establecidas** para a celebración das Xornadas indicadas pola Organización.

“ Os establecementos participantes comprométense a **ter de forma visible os elementos promocionais** achegados pola Organización.

“ Os establecementos participantes estarán obrigados a dar un **informe final do número de menús vendidos** e colaborar coa enquisa de valoración das Xornadas.

#### **4. PRAZOS DE INSCRICIÓN**

Todos os establecementos solicitantes deberán presentar en tempo e forma a solicitude de participación.

O prazo de entrega das solicitudes de participación finaliza o **1 de outubro de 2018**, ás 14 horas.

As solicitudes serán enviadas ao correo electrónico: [centenariopicadillo@gmail.com](mailto:centenariopicadillo@gmail.com)

Para máis información pode contactar coa Oficina Técnica:  
675 680 025 / 637 080 527



Poderán participar até un máximo de **20 establecementos**. Con todo, se reserva a posibilidade de ampliación de participantes en función do número de solicitudes.

As solicitudes de participación serán atendidas por orde de chegada. A participación será gratuíta. A presentación da devandita solicitude non implica a aceptación de participación. Todas as solicitudes serán valoradas pola Organización, aceptando aquelas propostas que mellor se adapten aos estándares de calidade das Xornadas.

**Os establecementos que incumpran algunha destas Bases non serán admitidos en posibles próximas edicións nin poderán participar en accións similares no futuro salvo decisión contraria do Consorcio.**

A participación nestas Xornadas implica a aceptación das presentes Bases.

A Coruña, ..... de setembro de 2018.


Nome e sinatura do representante do establecemento participante



## FORMULARIO DE SOLICITUDE

PARTICIPACIÓN NAS XORNADAS GASTRONÓMICAS DO  
BACALLAU 2018.  
*CENTENARIO PICADILLO*

|                                        |             |
|----------------------------------------|-------------|
| NOME DO ESTABLECEMENTO:                |             |
| DIRECCIÓN:                             | TELÉFONO:   |
| PERSONA DE CONTACTO (nome e apelidos): |             |
| E-mail:                                | PÁXINA WEB: |
| TWITTER:                               |             |
| FACEBOOK:                              |             |
| INSTAGRAM:                             |             |





---

## OPCIÓN MENÚ

---

• Primeiro/Entrante:

• Prato principal (con bacallau como ingrediente principal):

• Sobremesa:

• Bebida (auga/refrescos/adega de denominación de orixe galega):

**PREZO** (entre 10€ y 30€ por persoa (IVA incluído):

**DISPONIBILIDADE** (Todos os días):

☐

Comidas

☐

Ceas



---

## OPCIÓN ½ MENÚ

---

- Prato principal (con bacallau como ingrediente principal):
- Bebida (auga/refrescos/adega de denominación de orixe galega):

**PREZO** (entre 7€ y 15€ por persoa (IVA incluído):

Sobremesa e/ou café opcional a maiores (se procede)

Suplemento no prezo por persoa (IVE incluído):

**DISPONIBILIDADE** (mínimo de luns a venres):

☐

Comidas

☐

Ceas

☐

Fins de semana



**Solicito participar nas XORNADAS GASTRONÓMICAS  
DO BACALLAU - A Coruña 2018.**

Fdo.:

(Selo e sinatura)

Enviar cumprimentado por correo electrónico antes do  
**1 de outubro de 2018, ás 14h, a:**  
**[centenariopicadillo@gmail.com](mailto:centenariopicadillo@gmail.com)**